



FORMALIZACIÓN DE CONTRATO DE SERVICIOS DE XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE OROSO (EXPDTE CONTRA:2024/C004/000007)

Formalizado de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) e considerándose como lugar de sinatura aos efectos oportunos o Concello de Oroso e como data de sinatura a realizada de forma electrónica en último termo.

COMPARECE DE XEITO ELECTRÓNICO

Por unha banda, D. ALEXANDER DOVAL EXPÓSITO, na súa calidade de Alcalde-Presidente que actúa en nome e representación do Concello de Oroso, asistido pola secretaria en función do Concello Dª Ana María Liñares Castro que comparece aos únicos efectos de dar fe do acto.

Doutra parte, D. ANDRÉS EIRIS BARCA con DNI 79319632S maior de idade, domiciliado en Avda. Ponte da Pedra, 77 3º b, Carballo, en nome e representación da empresa VIRAXES, S.L con NIF B70213061 e domicilio Rúa Desiderio Varela, nº 8 baixo local 5 15100 Carballo (A Coruña).

Ambas partes comparecen de xeito electrónico identificándose a través da correspondente sinatura electrónica.

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS MÁIS RELEVANTES:

- 1º Resolución de Alcaldía nº 394/2024 do 15.03.2024 de Aprobación do expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexen a contratación de SERVICIOS DE XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL DE OROSO (EXPDTE CONTRA:2024/C004/000007) mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios e tramitación ordinaria.
- 2º Resolución de Alcaldía nº 991/2024 do 17.07.2024. Acorda a celebración do contrato, a súa adxudicación e a aprobación e o compromiso do gasto polos seguintes importes e con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias para os seguintes anos:

SERVIZO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2024
SERVIZO DE XESTIÓN DE PISCINA MUNICIPAL (EXPDTE. 2024/C004/000007)	342.227.11	56.991,00 €

SERVIZO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ANO 2025
SERVIZO DE XESTIÓN DE PISCINA MUNICIPAL (EXPDTE 2024/C004/000007)	342.227.11	94.985,00 €

CLÁUSULAS DO CONTRATO:

PRIMEIRA. Don Andrés Eiris Barca na representación que ostenta, comprométese a executar o contrato do Servizos de xestión da piscina municipal do Concello de Oroso



(expdte_contra:2024/C004/000007) suxeitándose estritamente, ós pregos de prescricións administrativas e técnicas e oferta presentada, documentos contractuais que acepta plenamente.

SEGUNDA. O prezo do contrato derivado da oferta presentada no seu día, fíxase en 157.000 euros máis 32.970 euros de IVE para toda a duración do contrato (2 anos):

TERCEIRA.- O prazo de duración do contrato e execución das obrigacións das partes será de dous anos e dada a natureza estacional da prestación de servizos do presente contrato, terá vixencia durante a tempada de verán, nos que o término de inicio e final de dita temporada será dende o día 1 de maio ata o 30 de setembro de cada ano.

Dado que a tempada está iniciada, contarase o inicio a partir do día seguinte á data de formalización do contrato e ata o 30 de setembro de 2025.

O contrato poderá ser obxecto de prórroga para os seguintes períodos:

Do 1 de maio de 2026 ata o 30 de setembro de 2026, ámbos inclusive.

Do 1 de maio de 2027 ata o 30 de setembro de 2027, ámbos inclusive.

CUARTA.- Para responder do cumprimento deste contrato constitúese por parte deste Concello garantía definitiva por un importe equivalente ao 5 % do orzamento base de licitación (IVE excluído), de conformidade co previsto no artigo 108.2 da lei de contratos do sector público por importe de 7.850 euros.

QUINTA.- O prezo do contrato non será obxecto de revisión durante a súa duración, dado o seu prazo de duración e o obxecto das prestacións.

SEXTA.- O contratista presta a súa conformidade ás cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexen para este contrato someténdose para todo o que non estea establecido nel á lexislación de contratos do sector público.

E para debida constancia de todo o convido asíñase este contrato no lugar e data do encabezado, por duplicado exemplar e a un só efecto, de todo o que eu como secretaria en funcións dou fe.

O alcalde

O contratista

Alexander Doval Expósito

Andrés Eiris Barca

A secretaria en funcións

Ana María Liñares Castro